

**Dª AZUCENA MUIÑOS CELA**  
**ASOC. VV. "ROSALÍA DE CASTRO"**  
**R/ REAL ALTA Nº 75**  
**15590 A GRAÑA ( FERROL )**  
**A Coruña**

**Código : 110124 SECC. ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ASOCIACIÓNS**  
**Asunto : Modificación Estatutos Asociación 1985/001613 /1 (AC)**

No día de hoxe o Delegado Provincial da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local dictou a seguinte Resolución:

Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada ASOCIACIÓN DE VECINOS "ROSALIA DE CASTRO", de la Real Villa de la Graña ( Ferrol ), inscrita por Resolución do 12 de agosto de 1985, correspondéndolle o nº 1985/001613-1 (AC) do Rexistro Provincial de Asociacións e tendo en conta os seguintes

#### FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 29 de xaneiro de 2004, acordou a modificación dos seus Estatutos para adaptarse á L.O. 1/2002, e afectan algunhas das modificacións realizadas ós seguintes extremos rexistráis:

**DENOMINACIÓN: ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "ROSALÍA DE CASTRO" DA REAL VILA DA GRAÑA.**

**FINŚ: redactados no artigo 2.**

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpriuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE XUSTIZA,  
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL  
Delegación Provincial

Fernando Macías, 18-1º  
15071 A CORUÑA  
Tel. 981 18 59 24  
Fax 981 18 57 61



**XACOBEO 2004**  
Galicia



### RESOLVO

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; ou calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Xúntase o exemplar de Estatutos selados por este centro.

A Coruña, 21 de xullo de 2004  
A XEFA DE SERVICIO DE INTERIOR

Asdo.: Margarita Olmo Bosco



# ESTATUTOS

## CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL



*Abraza*

**Artigo 1º.-** A Asociación de Veciños "Rosalia de Castro" da Real Vila da Graña, constitúe unha entidade sen ánimo de lucro, que terá o seu ámbito de actuación territorial limitado á denominada Real Vila da Graña.

A Asociación rexerese polos presentes Estatutos, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

*David*

**Artigo 2º.-** Son fins da Asociación de Veciños "Rosalia de Castro" da Real Vila da Graña:

- a.- a mellora moral e material do vecindario, a promoción e creación dos servizos sociais necesarios na comunidade
- b.- a promoción cultural da comunidade
- c.- a defensa dos intereses xerais dos veciños e o desenvolvemento dos valores de convivencia, tendentes á aparición dos lazos sociais e de solidariedade humana.
- d.- a promoción da saúde

*Claro/ou m l s*

**Artigo 3º.-** Para levar a cabo os seus fins, poderá a Asociación organiza-las seguintes actividades:

Biblioteca

Xogos varios

Conferencias, charlas formativas

Actividades deportivas e artísticas

Garderías

Cooperación na solución dos problemas de vivenda, urbanización do barrio, servizos de xardinería e parque público, instalacións escolares, contaminación, etc

Actividades de hábitos saudables

A enumeración destas actividades e servizos non exclúe poder programar outras diferentes para o mellor cumprimento dos fins da Asociación

*[Signature]*

*Ativos Suarez*      *[Signature]*      *[Signature]*



Artigo 4º.- O domicilio principal e permanente da Asociación radicará na localidade de A Graña - Ferrol, rúa Real Alta, nº 24, C. P. 15590, teléfono 981 314889, correo electrónico [avvosalia@terra.es](mailto:avvosalia@terra.es)

Artigo 5º.- A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

A Asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico

## CAPÍTULO II DOS SOCIOS

Artigo 6º.- Poderán ser membros da Asociación tódalas aquelas persoas que teñan o seu domicilio na Vila da Graña, que posúan capacidade para obrar e o soliciten voluntariamente.

Tamén poderán ser socias aquelas persoas que, non tendo esta residencia simpaticen cos fins da Asociación e se sometan ó contido destes Estatutos

Artigo 7º.- Dentro da Asociación poderán existir as seguintes clases de socios:

- A) Socios de número, aquelas persoas que teñen o seu domicilio na Vila da Graña, que posúan capacidade de obrar e o soliciten voluntariamente
- B) Socios adheridos, aquelas persoas que, non tendo esta residencia simpaticen cos fins da Asociación e se sometan ó contido destes estatutos
- C) Socios xuvenís, aquelas persoas menores de idade

Artigo 8º.- Todos os socios teñen iguais dereitos desde o momento da súa admisión, salvo as limitacións que se impoñen nestes Estatutos ós socios adheridos e xuvenís, sempre que estean ó corrente do pago das cotas e cumpran as normas estatutarias.

Os socios de número teñen os seguintes dereitos:

- I. Asistir ás Asembleas Xerais con voz e voto

*Araceli Quiros*

*David*

*Antonio*

*Elvira Louzã*

*[Signature]*

*Alberto Suárez*

*[Signature]*

*Belar Bellado*

2. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos
3. Participar nas actividades comúns que organice a Asociación en cumprimento dos seus fins
4. Dispoñer dos servizos e beneficios que a Asociación poda facilitarlles
5. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva
6. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación
7. Ofrecer suxerencias e iniciativas á Xunta Directiva e elevar propostas á Asemblea Xeral
8. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade



**Artigo 9º.-** Os socios adheridos gozarán dos mesmos dereitos que os socios de número, salvo o de poder ser elixidos para cargos directivos

**Artigo 10º.-** Os socios xuvenís gozarán dos mesmos dereitos cos demais asociados en canto a participar nas actividades comúns da Asociación e beneficiarse dos resultados das mesmas ou dos servizos que podan prestar.

Non poderán ocupar postos na Xunta Directiva ata que cumpran a maioría de idade, nin participar co seu voto na elección dos membros da mesma.

Poderán asistir ás Asembleas Xerais, podendo facer proposta á mesma, pero sen dereito a voto

Os socios xuvenís están obrigados a satisfacer as súas cota periódicamente, na contía ca Xunta Xeral acorde para esta clase de socios, e en xeral a cumprir os proxectos dos Estatutos e as normas regulamentarias que podan aprobarse na Asemblea Xeral sobre os socios xuvenís


**Artigo 11º.-** Son obrigas dos asociados:

1. Satisface-las cotas periodicamente
2. Colaborar amplamente coa Asociación, prestándolle a asistencia posible en pro dos intereses comúns, a favor dos asociados e o vecindario máis necesitado
3. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos
4. Asistir ás Asembleas Xerais e reunións convocadas pola Xunta Directiva

Abanca e Hobbies  
 P. Suárez  
 E. Soares  
 N. Suárez

*[Handwritten signatures]*

5. Cumprir os preceptos dos presentes Estatutos e dos Regulamentos internos da Asociación que se aproben na Asemblea Xeral
6. Informar dilixentemente á Xunta Directiva dos asuntos dos que esta poida intervir
7. Procurar a maior estreita colaboración entre os socios/as e veciños/as



**Artigo 12º.-** A admisión dos socios é facultade da Xunta Directiva, que decidirá nun prazo non superior a quince días, a procedencia ou non da admisión, segundo as condicións establecidas nestes Estatutos. A Xunta Directiva estará obrigada a declarar procedente a admisión de todos aqueles que, habéndoos solicitado en forma, cumpran os requisitos establecidos nestes Estatutos. Soamente será facultativa a non admisión pola Xunta Directiva cando o presunto socio fora expulsado con anterioridade da mesma asociación

A Xunta Directiva facilitará a documentación acreditativa da condición de socio. Os socios poderán ser ou non cabeza de familia, pero tratándose de menores de dezoito anos, necesitarán autorización dos seus pais ou tutores

**Artigo 13º.-** A condición de asociado pérdese:

1. Por baixa voluntaria, comunicándoa cun mes de antelación
2. Por falta de pago nas cotas durante tres mensualidades consecutivas, unha vez informada a Xunta Directiva
3. Por decisión da Xunta Directiva, coa audiencia do interesado, confirmada pola Asemblea Xeral
4. Por realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Asociación

O socio que causara baixa por calquera destes motivos non ten dereito algún a indemnización ou retorno das súas contribucións á Asociación

**Artigo 14º.-** Os socios/as poderán pedir a separación temporal por escrito

A Xunta Directiva poderá acordar a separación temporal dun socio/a cando estea tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificadas que o aconsellen, como o retraso no pago dalgunha cota, ou comportamentos que afecten á boa marcha dalgún dos fins da Asociación. O expediente sancionador recollerase no

*Alfonso*

*P. P. P.*


*Elm. P. P.*  
*Alfonso Suárez*

*P. P. P.*

*P. P. P.*  
*P. P. P.*

Regulamento de Réxime Interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria

### CAPITULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN



**Artigo 15º.-** Corresponde a plena soberanía da Asociación á Asemblea Xeral. Non obstante, por delegación e mandato desta, o goberno, administración e representación da mesma se transfere de modo permanente á Xunta Directiva, que renderá conta ante a Asemblea.

**Artigo 16º.-** A Asemblea Xeral designará por votación ós membros da Xunta Directiva e os cargos que terá dentro dela. Ditos cargos serán:

- Presidente
- Vicepresidente
- Secretario
- Vicesecretario
- Tesoureiro
- 4 vocais como mínimo

Para ocupar os cinco primeiros cargos será necesario obter a condición de socio de número

O Presidente da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra

**Artigo 17º.-** A actuación da Xunta Directiva é decisoria e executiva. Os seus acordos requiren a maioría simple


**Artigo 18º.-** Con carácter consultivo poderán integrar esta Xunta os asesores precisos para o cumprimento dos fins resultantes dos Estatutos

**Artigo 19º.-** O número de vocais e de asesores poderá ser ampliado polo acordo da Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva

*[Signature]* Pilar Zellado

*[Vertical signatures and stamps on the left margin, including 'Asamblea Xeral' and 'Secretaría']*

Artigo 20º.- Tódolos cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos, sen prexuízo do dereito de ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas. Os asesores percibirán os honorarios que en cada caso convexa pola súa actuación profesional.



Artigo 21º.- A Xunta Directiva reunirse polo menos unha vez ó mes, baixo a presidencia do Presidente ou Vicepresidente, no seu defecto

A Xunta Directiva considerase constituída sempre que, previa convocatoria, se atope no local onde deba ter lugar a reunión, ó menos o Secretario e tres membros máis

Poderá reunirse a Xunta Directiva con carácter extraordinario cando o soliciten a metade máis un dos seus compoñentes, por convocatoria do Presidente ou do Vicepresidente

As reunións da Xunta Directiva serán presidida polo Presidente e, na súa ausencia, polo Vicepresidente

Artigo 22º.- O Presidente da Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Convocar as Asembleas, presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade en caso de empate
- b) Propone-lo plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas
- c) Cumprir e facer cumprir os acordos da Xunta Directiva e da Asemblea
- d) Ordena-los pagamentos acordados validamente
- e) Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado
- f) Asina-las actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación
- g) Resolver por si mesmo toda cuestión que por a súa importancia ou urxencia sexa necesario para o mellor cumprimento dos fins da Asociación, vindo obrigado a dar conta á Xunta Directiva

Artigo 23º.- O Vicepresidente substituirá ó Presidente en caso de ausencia ou enfermidade; por delegación súa exercerá ás súas funcións e presidirá as sesións de meirande importancia que determine o Presidente

*Alfonso Álvarez*

*David*

*Enrique*

*Enrique*  
*Niños Saúdes*

*[Signature]*


*[Signature]*

*Pilar*



Artigo 24º.- O Secretario terá as seguintes funcións:

- Redactará e asinará todos os documentos que emanen da Xunta Directiva
- Levará un libro de Socios no que constará o número de orde, data de ingreso, data de baixa, nome e apelidos, enderezo, nacionalidade
- Levará un libro inventario de todos os bens, mobles e inmobles que posúa a Asociación
- Redactará as Actas das Asembleas Xerais e das reunións da Xunta Directiva, as asinará co Vº e Prace do Presidente
- Formalizará nun libro o rexistro das Actas das reunións dos órganos de goberno e representación
- Levará a correspondencia e librará as certificacións con referencia ós libros e documentos da Asociación, co Vº e Prace do Presidente, asinará xunto o Presidente as convocatorias das Asembleas
- Presentará a Asemblea Xeral unha memoria anual sobre o labor desenvolvida durante o ano pola Asociación e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade



Artigo 25º.- O Vicesecretario auxiliará ó Secretario na totalidade das súas funcións, substituíndoo en caso de ausencia ou enfermidade e levando a cabo as funcións que se lle encomenden

Artigo 26º.- O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación. Intervirá coa súa sinatura en tódolos documentos de cobro e pago co Vº e Prace do Presidente, levará os libros de gastos e ingresos de contas correntes, redactará os orzamentos e balances así como o estado das Contas, ordenará o cobro das cotas e en xeral terá o seu cargo todo o funcionamento económico da Asociación, que deberá ter sempre ó día e a disposición dos socios os días que determine a Xunta Directiva. Terá o seu cargo os libros oficiais de contabilidade e os auxiliares e necesarios, así como o libro de rexistro de socios, de altas e baixas en en xeral todas aquelas funcións de tipo contable ou fiscal que poderá haber lugar. No caso de ser necesaria a colaboración dunha persoa para o cumprimento das súas funcións, a Asemblea Xeral nomearao a proposta do Presidente ou da Xunta Directiva

Pilar Zelada



**Artigo 27º.-** Os vocais lles corresponderá dar conta á Xunta Directiva da súa xestión normal e das extraordinarias que lles fosen encomendadas; desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva e realizar os programas e facer propostas na súa área de actuación

*[Handwritten signature]*

**Artigo 28º.-** Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá constituír con criterios de idoneidade, Comisións para realizar determinados traballos, quedando en liberdade de nomear a estes efectos ós socios/as máis apropiados para a función a realizar

**Artigo 29º.-** Pola Xunta Directiva ou polos socios/as se nomearán delegados de zona, que terán a función de facilitar información e difundir notas e circulares, convocatorias, etc. Sendo así mesmo portavoz dos socios/as ante a Xunta Directiva

*[Handwritten signature]*

**Artigo 30º.-** Os cargos da Xunta Directiva elixiranse pola Asemblea Xeral e durarán un período de dous anos, podendo ser reelixidos. Cesarán no seu cargo o primeiro ano o Vicepresidente, o Tesoureiro e catro vocais

As vacantes que se produzan na Xunta Directiva durante este período serán cubertas por dita Xunta Directiva e confirmadas pola Asemblea Xeral, rematando a súa execución cando houbera de finalizar o correspondente directivo reemplazado

*[Handwritten signature]*

O Secretario ou, no seu defecto, o Vicepresidente levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas

*[Handwritten signature]*

**Artigo 31º.-** É función da Xunta Directiva programar e dirixi-las actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior

Así mesmo procederá a convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral, fixa-las cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designa-las Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Corresponderalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea

*[Handwritten signature]*  
**Cheris Suárez**

*[Handwritten signature]*  
**Pablo Zellido**



*Priscilla Álvarez*

**Artigo 32º.-** Os membros da Xunta Directiva poderán causar baixa por:

- a) Renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva
- b) Por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas
- c) Pola ausencia inustificada a tres reunións consecutivas da Xunta Directiva
- d) Por expiración do mandato

*Priscilla Álvarez*

Nos casos dos anteriores apartados b) e c) a Xunta Directiva ordenará a apertura de información e alegacións do interesado no seu descargo, podendo substituírle por quen estatutariamente lle corresponda e convocar Asemblea Xeral Extraordinaria, quen decidirá

*Priscilla Álvarez*

**Artigo 33º.-** A Asemblea Xeral de socios é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma

*Priscilla Álvarez*

As Asembleas Xerais serán dirixidas polo Presidente da Asociación e, non seu defecto, polo Vicepresidente o por calquera membro da Xunta Directiva que esta designe expresamente

*Priscilla Álvarez*

**Artigo 34º.-** A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, sendo convocada coa antelación de quince días, e con carácter extraordinario tantas veces acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten a terceira parte dos socios/as para tratar aqueles problemas que se consideren a xuízo dos interesados de excepcional importancia. Neste último caso realizárase coa antelación mínima de dous días. No caso de que sexa a solicitude dos socios por medio de escrito dirixido ó Presidente, autorizado coas firmas dos solicitantes, no que se exporía o motivo da convocatoria e a orde do día.

*Priscilla Álvarez*

**Artigo 35º.-** A Asemblea Xeral ordinaria reunirse no primeiro trimestre de cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas por medio de escrito, no que figurará a orde do día, lugar, data e hora da primeira e segunda convocatoria.


*Priscilla Álvarez*

**Artigo 36º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aproba-la xestión da Xunta Directiva
2. Aproba-lo plan de actividades
3. Examinar e aproba-la memoria de actividades



*Priscilla Álvarez*

*Pilar Mellado*


- 
4. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior
  5. Aproba-los presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio
  6. Exame e aprobación das cotas
  7. Nomear ós membros da Xunta Directiva




**Artigo 37º.-** Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- 
- 
1. Modifica-los Estatutos da Asociación
  2. Elixi-los integrantes da Xunta Directiva
  3. Aproba-la federación con outras Asociacións
  4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais
  5. Acorda- la disolución da Asociación
  6. Designa-los/as liquidadores/as
  7. Ratifica-la expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva
  8. Solicita-la declaración de utilidade pública da Asociación
  9. Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación
  10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan espera-la súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación
  11. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva

**Artigo 38º.-** Para que as asembleas poidan tomar acordos, integraranse polos/as asociados asistentes, sempre que concorran a metade dos socios na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, co número de socios/as que asistan



**Artigo 39º.-** Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos os apartados 1 ó 7 do artigo 37, que requirirán a aprobación das  $\frac{3}{4}$  partes dos asistentes. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asignara o/a Presidente, o/a Secretario da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioría



**Artigo 40º.-** Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a tódolos socios, incluso ós non asistentes

*Paula Tejada*



As sesións se abrirán cando así o determine o Presidente. Seguidamente se procederá por parte do Secretario á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada. Posteriormente o Secretario procederá a establecer a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate. Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día se procederá a facer unha quenda de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantará a sesión por parte do Presidente.

**Artigo 41º.-** Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

#### CAPÍTULO IV DOS RECURSOS ECONÓMICOS

**Artigo 42º.-** A Asociación comeza o seu funcionamento con ningún patrimonio fundacional.

O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

**Artigo 43º.-** A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presuposto será elaborado polo Tesoureiro da Asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

**Artigo 44º.-** A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos socios
2. As cotas extraordinarias que proporia a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación

*Elvira Fernández*  
*Alberto Seabra*  
*Patricio* *Pilar Ferrada*

5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas



**Artigo 45°.-** A cota dos socios será fixada na cantidade mensual que a Asemblea Xeral acorde, coa posibilidade de modificación posterior pola mesma Asemblea. O sistema recadatorio se establecerá pola Xunta Directiva

**Artigo 46°.-** Anualmente con referencia ó último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo

**Artigo 47°.-** Para a extracción de fondos das entidades bancarias onde a asociación teña depositados os mesmos, deberán ter recoñecidas a sinatura na entidade bancaria correspondente o/a Presidente/a, Vicepresidente/a, e Tesoureiro/a, para a utilización mancomunada de dous deles

## CAPÍTULO V MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN


**Artigo 48°.-** Para a modificación dos presentes Estatutos será preciso o acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal fin. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abrindose un prazo 7 días para que calquera socio/a poida dirixir á Secretaria as propostas e emendas que estime oportunas. Éstas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma

**Artigo 49°.-** Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos  $\frac{3}{4}$  dos asistentes

**Artigo 50°.-** A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas  $\frac{3}{4}$  partes dos asistentes

*Mano for a r. 2.*  
*Nieves Saldres*  
*Pilar Bellaco*



2. Por outras causas determinadas legalmente
3. Por sentenza xudicial

Non poderá disolverse a Asociación en tanto que desexe continuar o 10% dos asociados da cifra media de socios durante toda a vida da asociación

**Artigo 51º.-** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará unha Comisión Liquidadora integrada por cinco socios/as, que procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 52º.-** O haber resultante unha vez efectuada a liquidación destinarase a outra entidade non lucrativa que acorde a Asemblea Xeral o no seu defecto a comisión liquidadora.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previstos nos presentes Estatutos se aplicará a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias

D./DNA Daniel Lata Moñcos, Secretario/a da Asociación de Veciños RUELA DE CASTRO DE LA GRANA

**CERTIFICA:** que os presentes Estatutos foron modificados para adaptalos ás previsións da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, polo acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria de asociados de data 29 - ENERO - 2004

En TERROL a 29 de ENERO de 2004

Asdo: Daniel Lata Moñcos

O Secretario

Vº e Prace

Asdo: Azucena Moñcos Cella

O Presidente

*Azucena Moñcos*  
*Daniel Lata Moñcos*

*Elina Loureiro*

*Elina Loureiro*

INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN ASOCIACIÓN Nº 1613/11  
Inscrita a modificación por resolución do 21  
de xullo 20 04  
ós sos efectos de publicidade de conformidade co artigo 22  
da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.



O XEFE DA SECCIÓN

P.A. A Xefe do Servizo

*[Handwritten signature]*

